



www.oqueleo.com

© 2021, Héctor Cajaraville

© Desta edición:

2021, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Oqueleo é unha marca rexistrada, directa ou indirectamente por Grupo Santillana Educación Global, S. L. U., licenciada a Santillana Infantil y Juvenil, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-30-3

Depósito legal: M-2550-2021

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: setembro de 2021

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja


Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega,

Álvaro Recuenco e Laura Ruiz



As materias primas utilizadas na fabricación deste libro son reciclables e cumpren amplamente coa normativa europea de desenvolvemento sostible, economía circular e xestión enerxética.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser feita coa autorización dos seus titulares, agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

OS METROSIDERAIS

Héctor Cajarville

oqueleq

A banda do Cigurat

Aquela tarde o sol iluminaba a enseada do Orzán cunha forza inusitada mesmo para o mes de agosto que comezaba. Un horizonte completamente azul na Coruña é un regalo do ceo, nunca mellor dito, e non aproveitalo é un pecado case equiparable a dicir que María Pita era unha miñaxoia ou que o Dépor está ben en segunda división.

Por iso naquela xornada estival en ningún dos areais da enseada cabía unha alma. E non só nos de Riazor e do Orzán, senón tampouco nos pequeniños, situados a ambos os extremos da baía, algúns descoñecidos mesmo para os coruñeses. Cara á Torre de Hércules, alén da do Matadoiro, aínda hai outra praia minúscula, a das Amoras, máis ben un coído que nas xornadas de mareas vivas só permite gozar dela nunha especie de bancadas de cemento máis propias dun polideportivo descuberto ca dun espazo de lecer á beira do mar.

Xusto aquela era unha desas tardes en que a preamar cubría por completo a area, pois as mareas de agosto adoitan ser as maiores do ano. Na hora do socheo apenas

media ducia de persoas optaba polas Amorasas no canto da praia do Matadoiro ou mesmo da das Lapas, un chisco máis para alá, no pé do outeiro sobre o que se ergue a Torre de Hércules; case todas, mulleres maiores das rúas máis próximas do barrio de Montealto que non tiñan gana de camiñar máis do necesario para mollaren os pés un chisco.

6 Ao seu carón, sentados arredor dunha pequena estrutura circular de varios chanzos elaborada co mesmo cemento das bancadas, tres rapaces agardan pola chegada dun cuarto. Fanse chamar a si mesmos a banda do Cigurat, pois na aula que comparten no instituto aprenderon que ese é o nome que reciben as construcións propias da cultura mesopotámica consistentes nunha torre con varios pisos en forma de escaleira.

Uns ladridos que resoan contra o muro que terma do paseo marítimo avisan da chegada do cuarto compoñente do grupo, un rapaz que vén canda o seu can, un imponente Labrador de cor negra. Coma cada tarde deste verán que anda polo seu ecuador, o plan diario consiste en quedar naquela especie de atalaia e esperar a que a alguén se lle ocorra algo interesante en que gastar o tempo.

O último en chegar senta xunto aos outros tres mentres o can que o acompaña (agora que está máis preto podemos confirmar que se trata dunha cadela) se dedica a uliscar as mulleres que ocupan as bancadas. As seareiras non se inmutan ante a presenza do animal, pois todas elas son habituais deste areal que hoxe campa sen area ningunha.

—Ben, pois xa estamos todos —rompe o silencio unha das membros da banda, unha rapaza vestida cuns vaqueiros vellos varios talles grandes de máis e cunha camiseta de publicidade dun centro comercial da cidade, e que parece levar a voz cantante—. A ver, Li, que era iso tan importante que nos tiñas que contar?

O rapaz a quen se dirixe tan directamente mantén durante uns segundos unha pausa dramática ata que por fin fala.

—Non era contar nada. O que quería é ensinarvos esta caixa de música...

—Unha caixa de música! Vaia cousa... —interrómpeo outra das compoñentes do grupo, unha moza que leva un traxe amarelo coas lapelas brancas e unha gravata a xogo, o pelo tinguido de rosa dividido en dúas coletas con cadansúa floriña a modo de pinza e unha grosa capa de maquillaxe branca con colorete vermello nas fazulas.

—Pois si, por moito que queiras facela de menos, Kofu, é unha caixa de música pre-cio-sa —repite Li—. E se me deixades que vos explique...

A moza do pelo rosa fai un lene aceno de desculpa que ao mesmo tempo é un convite para que Li siga falando.

—Resulta que onte a última hora, cando caeu aquela chuvascada enorme, chegou ao bazar dos meus pais un home na procura dun pantalón impermeable e mais dunhas botas de auga. Viña enchoupado, e polo visto xa na propia tenda mudou a roupa e o calzado —continúa Li—. O caso é que cando foi pagar sacou todo canto tiña

nos petos do pantalón mollado e ao final a caixa quedoulle alí esquecida.

—E os teus pais déroncha a ti en lugar de agardar a que volvese buscala? Pois estache bo o conto... —seguiu chanceándose a moza do traxe amarelo.

—Kofuku... —reirimínaa a moza que falara en primeiro lugar.

8 —Non foi así como dis —deféndese Li—. Collina eu porque estaba alí enriba do mostrador e gustoume... Ademais, é unha caixa de música vella, non unha carteira chea de cartos.

—Veña, déixate de tanto misterio e saca a mentada caixa —instouno Kofuku.

Li pon entón sobre unha das alturas do *cigurat* unha bolsa do bazar dos seus pais dentro da que se adiviña un obxecto rectangular.

—Cólleo ti, Estela... —convida á outra rapaza do grupo, a do pantalón vaqueiro.

—Cólleo ti, Estela... —arremeda Kofuku en ton de burla a frase de Li—. Igual eu tronzo a caixa ao collela, ou esvárame e cae ao mar, ou empeza a soar *k-pop* en vez da melodía que trae gravada...

—Anda, Kofu, non empeces... —interrómpea Estela—. Imos ver o que hai aquí.

Estela retira a bolsa de plástico e deixa á vista unha minúscula caixa de madeira cuberta de adornos que parecen representar seres mitolóxicos ou animais fantásticos. A ornamentación cobre a caixa polas súas seis faces, mesmo na parte inferior.

—Ábrea! Xa veredes... —insta Li a Estela, que xa está a levantar a tapa do obxecto.

—Vaia, si que é preciosa! —berra Kofuku.

—Que vos dixen? —fachendea Li—. O que non sei é como poñela a funcionar...

—Déixame a min... —ofrécese Estela.

Malia pulsar e xirar todos os elementos do mecanismo que contén a caixa, ningún dos membros do grupo consegue activar a melodía. Pasados uns minutos, desisten, e o obxecto queda de novo enriba do monólito con forma de cigurat, coa tapa aberta.

—Se cadra xa non vai... —aventura Kofuku—. Mirade o que pon aquí: «San Lesmes. 1525.» Ha ser o ano en que a fixeron. Que cincocentos anos despois non...

—E «San Lesmes?» —interrómpea Li.

—Pois o sitio en que se fabricou —responde Estela.

Xusto entón chega o outro membro do grupo, que fora ata o lado contrario da bancada na procura da súa cadela.

—E a ti córréseche como facer que esta caixa de música funcione, Tom? —pregúntalle Estela mentres o rapaz senta.

Coa súa parsimonia habitual, extrae un pequeno caderno dun dos petos traseiros do pantalón e un lapis do outro. E sobre os seus xeonllos a modo de atril, escribe:

—«Isto non é unha caixa de música. É un astrolabio.»

Emma e as Amorasas

10 Mentres a caixa volve pasar polas mans de toda a banda, que a inspeccionan con renovado interese, un grupo de rapazas accede á praia pola rampla que baixa desde o paseo marítimo. A primeira en chegar ao *cigurat* saúda con retintín:

—Anda, pero mira a quen temos por aquí... A marimacho e mais os seus lacaios: Limonciño, a Gueixa e Mudiño —o resto de rapazas que chegaron canda ela escachan coa risa—. Non vos chega con andar durante o curso ao rabo dela polo instituto? Alí non vos queda outra, porque vos xuntaron a todos na clase esa dos atrasados, pero irdes dando pena polo mundo durante as vacacións, iso xa é vicio...

—Por que non liscades para outra praia e nos deixades en paz? —enfróntase Kofuku—. Nós non nos metemos con ninguén.

—Por suposto que imos a outra praia! —exclama Emma—. Isto é unha merda. Nin sequera é unha praia. Iso por non falar da xente que vén a ela: vellos, tarados... e vós —de novo o coro de gargalladas acompaña as

palabras da rapaza—. O único que ten bonito é o nome: As Amorasas, coma nós! —as gargalladas intensifícanse—. Tranquilos, que nós imos a Riazor; pero desde arriba vimos que estabades aquí e como somos educadas viñemos saudar... Que é o que tedes aí? —pregunta ao reparar na caixa de madeira.

—Nada da túa incumbencia —replica Li mentres volve gardar o obxecto na bolsa de plástico.

—Vaia, vaia, mira o Limonciño como se arrepción... —di Emma mentres se achega a el—. Que pasa, que na China non che ensinaron que a unha señorita non se lle fala así?

—Que dis da China? Eu nacín aquí! —deféndese Li.

—E que ten que ver iso? Hai tantos chineses que algúns tedes que nacer fóra da China, porque alí xa rebordades —as acompañantes de Emma están encantadas coas ocorrencias da súa amiga—. E logo aínda por riba hai as que queren pasar por chinesas sen selo... Non si, Isa? —di mirando para a rapaza vestida de amarelo.

—Eu non quero parecer chinesa, que dis? —repón Kofuku—. Son unha *otaku*, ti non tes nin idea do que é iso... E non me chames Isa, chámome Kofuku! —desafíaa.

—Ai, Kofuku, disque... —Emma finxe voz de nena pequena—. Por suposto que sei o que é unha *otaku*, teste por moita cousa por ir vestida de debuxo animado? *Kofuku*... E iso que é, *puta* en xaponés? Porque xa hai moito tempo que sabemos que es a putiña de Estela...

Ante o insulto, Estela érguese con intención de enfrontarse a Emma, pero Tomás interponse entre as dúas.

Ao ver levantarse o dono, a cadela ponse ao seu carón e ladra con forza. Tomás faille xestos a Estela para que sente de novo. Entrementres, o grupo de amigas de Emma achégase máis a ela, como para defendela no caso de ser necesario.

—Salváronte *Mudiño* e a súa moza, a cadela esa —afirma Emma—. Pero o día que me poñas un dedo enriba, estás morta. Sábelo.

12 Cun xesto, indícalle ao resto de rapazas que acabou o espectáculo.

—Imos a unha praia de verdade, nenas —ordena—. E vós... —xírase cara ao grupo de *cigurat*—, ben vin que o que gardades nesa bolsa é unha caixa de música, ou pensades que son parva? Mi madriña, sodes patéticos: como non podedes mercar un móbil traedes esa merda á praia para escoitar música.

—Non é unha caixa de música, é un astrolabio! —anóxase Li.

—Impórtacheme a min ben, *friki* do carallo! —berra Emma, que xa deu a volta para subir de novo a rampla e marchar da praia.

Cando o grupo de rapazas está no paseo marítimo, Estela diríxese ao resto do grupo:

—Estou chea disto! A próxima vez xúrovos que... —bisba con carraxe.

—Non penso perder nin un minuto da miña vida por culpa das imbéciles estas! —afirma Kofuku—. Vexamos: temos un astrolabio ou como se chame, que leva unha data e un nome gravados. Igual de aquí sae algo en

que enredar o tempo... Por que non imos falar con Edu e lle preguntamos?

—Iso ía propoñer eu! —asegunda Li.

—Pois a que esperamos? —Estela xa está de pé.

Mentres soben pola rampla camiño do paseo marítimo, Kofuku pregúntalle a Tomás:

—E ti como sabes que iso é un astrolabio?

Como única resposta, o rapaz ergue os ombreiros, torce a cabeza cara a un lado, amosa as palmas das mans e sorrí con picardía.

—Boh, non sei para que pregunto... —di Kofuku para si, que non acaba de sorprenderse de toda a información que o seu silandeiro amigo almacena na cabeza—. Lía, agarda por nós, que aínda te vai pillar un coche —berra pola cadela, que xa está arriba da rampla agardando polo resto do grupo.